Maggie O'Farrell

Hamnet

rinoceronte

Para Will

Nota histórica

Na década de 1580, unha parella que vivía en Henley Street, Stratford, tivo tres fillos: Susanna, e Hamnet e Judith, que eran xemelgos.

O neno, Hamnet, morreu en 1596, aos once anos.

Catro anos despois, máis ou menos, o pai escribiu unha obra de teatro titulada *Hamlet*.

Morreu e repousa, señora,
morreu e repousa.
Á cabeza, un verde túmulo,
aos pés, unha lousa.

Hamlet, Acto IV, escena v

Nos rexistros de Stratford de finais do século XVI e principios do XVII, Hamnet e Hamlet son en realidade variantes do mesmo nome, totalmente intercambiables.

Steven Greenblatt, «The death of Hamnet and the making of Hamlet», *New York Review of Books* (21 de outubro de 2004)

Un neno baixa por un tramo de escaleiras.

A pasaxe é estreita e revólvese sobre si mesma. Avanza devagar, esvarando contra a parede, as botas petando en cada banzo cun golpe seco.

Cerca do final, detense un intre, e vólvese a mirar o camiño polo que veu. Entón, con súbita resolución, salta os últimos tres chanzos, como ten por costume. Ao aterrar tropeza e cae de xeonllos sobre o chan de lousas.

É un día caloroso, sen vento, de finais de verán, e unhas longas franxas de luz atravesan a estancia de abaixo. O sol mírao dende fóra con cara de poucos amigos; as ventás son lousas amarelas de celosía, encaixadas no xeso.

Érguese, fregando as pernas. Mira a un lado, cara ao alto das escaleiras; mira ao outro, incapaz de decidir cara a onde debería ir.

A estancia está baleira, o lume rumiando no trasfogueiro, brasas laranxas baixo un fume suave e espiral. Os xeonllos mancados latéxanlle ao ritmo do corazón. Queda parado cunha man apoiada no picaporte da porta das escaleiras, a punta de coiro gastado da bota levantada, preparado para moverse, para fuxir. O cabelo, de cor clara, case dourado, levántaselle da fronte en guechos alborotados.

Alí non hai ninguén.

Suspira, aspirando o aire cálido e poeirento, atravesa a estancia e sae á rúa pola porta principal. O ruído das carretillas, dos cabalos, dos vendedores, da xente chamándose, dun home que guinda un saco dende unha ventá alta… nada diso lle chega. Percorre a fachada da casa e entra no portal veciño.

O cheiro da casa dos seus avós é sempre o mesmo: unha mestura de fume de leña, cera, coiro, la. É parecido pero indefiniblemente diferente do da vivenda contigua, de dous cuartos, construída polo seu avó nun estreito oco xunto á casa grande, onde el vive coa súa nai e coas súas irmás. Ás veces non entende por que é así. Á fin e ao cabo, as dúas moradas están separadas por apenas un fino tabique de canizo, pero en cada unha delas o aire ten unha natureza diferente, un recendo diferente, unha temperatura diferente.

Nesta casa asubían as correntes e os remuíños de aire, o repenique e o martelar do obradoiro do seu avó, os toques e as chamadas dos clientes na ventá, o ruído e o balbordo do patio traseiro, o son dos seus tíos indo e vindo.

Pero hoxe non. O neno detense no corredor, esperando oír algún sinal de actividade. Dende aquí ve que o obradoiro, á súa dereita, está deserto, os tallos dos bancos baleiros, as ferramentas ociosas nos mostradores, unha bandexa de luvas abandonadas, como pegadas de mans, deixada á vista de todos. O portelo polo que se despacha está pechado e ten o ferrollo pasado. No comedor, á súa esquerda, non hai ninguén. Na longa mesa hai unha morea de panos, unha candea apagada, un feixe de plumas. Máis nada.

Saúda en voz alta, con ton interrogante. Faino unha, dúas veces. Logo inclina a cabeza, agardando unha resposta.

Nada. Só o renxer das vigas dilatándose suavemente ao sol, o suspiro do aire pasando baixo as portas, entre os cuartos, o rumor das cortinas de liño, o crepitar do lume, o ruído indefinible dunha casa en repouso, deserta.

Os seus dedos apértanse arredor do ferro do picaporte. A calor do día, mesmo a estas horas, fai que a suor lle agrome da pel da fronte e lle baixe polas costas. A dor dos xeonllos agudízase, produce unha puntada e logo volve minguar.

O neno abre a boca. Chama, un a un, a todos os que viven na casa. A súa avoa. A criada. Os seus tíos. A súa tía. O aprendiz. O seu avó. O neno proba con todos eles, un tras outro. Por un momento pásalle pola cabeza a idea de chamar polo seu pai, de berrar o seu nome, pero o seu pai está a moitas millas, horas e días de distancia, en Londres, onde o neno non estivo nunca.

Pero onde, gustaríalle saber, están a súa nai, a súa irmá máis vella, a súa avoa, os seus tíos? Onde está a criada? Onde está o seu avó, que non adoita saír da casa polo día, que case sempre está no obradoiro, asediando o seu aprendiz ou anotando os seus ingresos nun libro de contas? Onde está todo o mundo? Como poden estar desertas as dúas casas?

Avanza polo corredor. Na porta do obradoiro detense. Lanza unha ollada rápida por riba do ombreiro, para asegurarse de que non hai ninguén, e logo entra.

O obradoiro de luvas de seu avó é un lugar no que case nunca lle permiten entrar. Está prohibido incluso pararse no limiar. «Non quedes aí parado a velas vir!», ruxiría seu avó. «Non pode un traballar honradamente un día enteiro sen que veña osmar alguén? Non tes nada mellor que facer que estar aí papando moscas?»

Hamnet ten unha mente esperta: non lle custa entender as leccións dos mestres. Capta a lóxica e o sentido do que se lle explica, e memoriza con facilidade. É capaz de lembrar os verbos, a gramática, as conxugacións, a retórica, os números e os cálculos con tal facilidade que ás veces pode espertar a envexa doutros nenos. Pero tamén é unha mente que se distrae con facilidade. Un carro que pase pola rúa durante unha lección de grego desviará a súa atención do seu taboleiro de lousa e fará que se pregunte onde irá ese carro e que levará, e que lembre aquela vez que seu tío o levou a el e as súas irmás nun carro do feo, o marabilloso que foi, como recendía e pi-

caba o feo acabado de segar, as rodas avanzando ao ritmo dos cascos da cansada egua. As últimas semanas azoutárono máis dunha vez na escola por non prestar atención (a avoa díxolle que como pase unha vez máis, só unha, lle mandará aviso ao seu pai). Os mestres non o entenden. Hamnet aprende rapidamente, sabe recitar as cousas de cor, pero non se concentra no seu traballo.

O son dun paxaro polo aire pode facer que pare de falar no medio dunha frase, coma se o mesmo ceo o deixase xordo e mudo de vez. Ver de esguello que alguén entra nun cuarto abonda para que interrompa calquera cousa que estea a facer –comer, ler, copiar os deberes– e quede mirando coma se esa persoa trouxese unha mensaxe importante só para el. Ten tendencia a escapar dos límites do mundo real e tanxible que o rodea e entrar noutro lugar. O corpo estará sentado nun cuarto, pero a cabeza está noutro sitio, é outra persoa, nun lugar que só el coñece. «Esperta, raparigo», berraralle a avoa, estalando os dedos diante el. «Volve», susurraralle a irmá máis vella, Susanna, dándolle un toque na orella. «Presta atención!», ouvearán os seus mestres. «Onde estabas?», preguntaralle Judith en voz baixa cando por fin regrese ao mundo, cando volva en si, cando mire ao seu arredor e descubra que está de volta, na súa casa, ante a súa mesa, rodeado da súa familia, a súa nai observándoo cun medio sorriso, coma se soubese exactamente onde estivo.

Do mesmo xeito, agora, ao entrar no espazo prohibido do obradoiro de luvas, Hamnet perdeu o fío do que se supón que debía facer. Liberouse momentaneamente dos seus lazos, do feito de que Judith está mala e necesita que alguén a coide, de que el ten que atopar a súa nai, a súa avoa ou a calquera outro que saiba o que hai que facer.

Hai peles penduradas dunha barra. Hamnet sabe recoñecer a de cervo, con manchas avermelladas; a de cabrito, deli-

cada e flexible; as de esquío, máis pequenas; a de xabaril, grosa e de ásperas sedas. Cando se achega a elas, as peles comezan a ruxir e a axitarse nos seus soportes, coma se aínda quedase algo de vida nelas, só unha pouca, a suficiente para que o sintan chegar. Hamnet estende un dedo e toca a pel de cabra. É inexplicablemente suave, coma o rozar das algas do río contra as súas pernas cando nada nos días de calor. Balancéase suavemente dun lado a outro, coas patas estendidas, estiradas, coma se estivese en voo, coma un paxaro ou un espírito.

Hamnet xírase, observa os dous asentos do banco de traballo: o de coiro acolchado, desgastado e liso polo rozamento dos calzóns de seu avó, e a dura banqueta de madeira para Ned, o aprendiz. Ve as ferramentas, suspendidas de ganchos na parede que hai sobre o banco. Identifica as de cortar, as de estirar, as de suxeitar e coser. Ve que a máis estreita das formas –usada para as luvas de muller– está fóra do seu sitio, no banco onde Ned traballa coa cabeza gacha, os ombreiros curvados e os dedos ansiosos e áxiles. Hamnet sabe que seu avó necesita moi pouco para berrarlle ao rapaz, ou quizais algo peor, así que colle a forma, sopesa o seu cálido vulto de madeira e colócaa no seu gancho.

Está a piques de abrir o caixón onde se gardan os torzais e as caixas de botóns –con coidado, con coidado, porque sabe que o caixón vai chiar– cando un ruído, un lixeiro movemento ou rozamento, chega aos seus oídos.

En cuestión de segundos, Hamnet sae disparado polo corredor cara ao patio. Lembra cal era a súa misión. Que fai, fedellando no obradoiro? A súa irmá está mala: ten que atopar alguén que axude.

Abre de golpe, unha tras outra, as portas da cociña, da adega da cervexa e do lavadoiro. Todas esas estancias están baleiras, os seus interiores escuros e frescos. Chama de novo, esta vez algo rouco, coa gorxa irritada de tanto berrar. Apóiase

contra a parede da cociña e dálle unha patada a unha casca de noz, que sae rebotando polo patio. Séntese totalmente desconcertado por verse tan só. Tería que haber alguén; sempre hai alguén. Onde estarán? Que farán? Como se foron todos? Por que súa nai e súa avoa non están na casa, coma sempre, abrindo de par en par as portas do forno ou remexendo nunha pota ao lume? Queda parado no patio, mirando ao seu arredor, á porta do corredor, á porta da adega da cervexa, á porta dos seus apousentos. Onde debería ir? A quen debería pedirlle axuda? E onde vai todo o mundo?

Cada vida ten o seu núcleo, o seu eixe, o seu epicentro, do cal todo flúe e ao cal todo retorna. Este momento é o da nai ausente: o neno, a casa baleira, o patio deserto, o berro que ninguén oe. El aí parado, na parte traseira da casa, chamando polas persoas que o alimentaron, o arrouparon, o arrolaron para durmir, o colleron da man mentres daba os seus primeiros pasos, lle ensinaron a usar unha culler, a soprarlle ao caldo antes de comelo, a ter coidado ao cruzar a rúa, a non espertar os cans que dormen, a enxaugar o tanque antes de beber, a non achegarse ás augas profundas.

Levará isto no máis fondo do seu ser, durante o resto da súa vida.

Hamnet arrastra as botas pola area do patio. Ve os restos dun xogo ao que estiveron xogando el e Judith hai pouco: fitas atadas a piñas para movelas e balancealas diante dos gatiños da gata da cociña. Son criaturas pequenas, con caras coma flores de pensamento e suaves almofadiñas nas patas. A gata meteuse nun barril do almacén para telos, e estivo alí agochada durante semanas. A avoa de Hamnet buscou a camada por todas as partes, coa intención de afogalos a todos, como é o seu costume, pero a gata burlouna, mantivo as súas crías

ocultas, a salvo, e agora, xa medrados, dous deles corren por alí, rubindo polos sacos, perseguindo plumas e retallos de la e follas soltas. Judith non pode estar separada deles moito tempo. Case sempre leva un no peto do mandil, un vulto revelador, un par de orellas puntiagudas que a delatan, facendo que a avoa berre e ameace co barril da auga de chuvia. A nai de Hamnet, no entanto, dilles en voz baixa que os gatiños son demasiado grandes para que a avoa os afogue. «Agora xa non pode», dilles en privado, limpando as bágoas do rostro horrorizado de Judith. «Non tería estómago, porque se resistirían, entendedes?, loitarían.»

Hamnet achégase ás piñas abandonadas, coas fitas arrastradas pola terra pisada do patio. Non se ve os gatiños por ningures. Empuxa unha piña coa punta do pé e esta sae rodando e describindo un arco irregular.

Mira para as casas, as moitas fiestras da grande e a escura entrada da súa. Normalmente, el e Judith estarían encantados de verse sós. Nese mesmo intre estaría intentando convencela para que rubise con el ao tellado da cociña, para poderen chegar ás pólas da ameixeira que asoma por riba do muro do veciño. Están cheas, ateigadas de ameixas, coas súas peles dun vermello dourado a piques de rebentar de maduras; Hamnet botoulles o ollo dende unha fiestra do piso de arriba da casa dos seus avós. Se fose un día normal estaría upando a Judith ao tellado para que enchese os petos de froita roubada, a pesar dos seus receos e protestas. A ela non lle gusta facer nada deshonesto nin prohibido, tan inocente é a súa natureza, pero Hamnet case sempre é capaz de convencela cunhas poucas palabras.

Hoxe, porén, mentres xogaban cos gatiños que escaparan dunha morte prematura, ela dixo que lle doía a cabeza, que lle ardía a gorxa, que tiña frío e logo calor, e entrou na casa para deitarse.

Hamnet volve entrar pola porta da casa principal e avanza polo corredor. Está a piques de saír á rúa cando oe un ruído. É coma un estalo ou un movemento, un son moi leve, pero sen dúbida o ruído producido por outro ser humano.

–Ola? –chama Hamnet. Agarda. Nada. O silencio abátese sobre el dende o comedor e a sala que hai máis alá–. Quen anda aí?

Por un momento, e só por un momento, cre que podería ser seu pai, de volta de Londres para darlles unha sorpresa; xa ten pasado. O seu pai estará alí, tras esa porta, quizais agochado coma se fose un xogo, coma unha broma. Se Hamnet entra no cuarto, o seu pai sairá dun chimpo; traerá agasallos na bolsa, na carteira; cheirará a cabalo, a herba seca, a moitos días de viaxe; rodeará o seu fillo cos brazos e Hamnet premerá a meixela contra as presillas ásperas e ríxidas do xibón do seu pai.

Sabe que non será o seu pai. Sábeo, de verdade. O seu pai respondería a unha chamada reiterada, nunca se escondería nunha casa baleira. Aínda así, cando Hamnet entra no salón, sente a caída, a filtración da decepción ao ver o seu avó alí, xunto á mesa baixa.

A estancia está sumida na penumbra, coas cortinas corridas na maioría das fiestras. O seu avó está de costas a el, agachado, remexendo en algo: papeis, unha bolsa de pano, algunha clase de fichas. Na mesa hai un pichel e unha cunca. A man do seu avó vaga entre estes obxectos, coa cabeza gacha e respirando con ruidosos arquexos.

Hamnet tose educadamente.

O seu avó xírase de súpeto, co rostro desencaixado, furioso, braceando no aire coma se axotase un asaltante.

–Quen anda aí? –berra–. Quen é?

–Son eu.

–Quen?

–Eu. –Hamnet dá un paso cara á estreita franxa de luz que entra en diagonal pola fiestra–. Hamnet.

O seu avó senta cun ruído xordo.

–Déchesme un susto de morte, rapaz! –exclama–. Por que andas asexando dese xeito?

–Perdón –di Hamnet–. Chamei moitas veces pero ninguén respondía. Judith está…

–Saíron –interrómpeo seu avó, cun aceno seco do pulso–. De todos os xeitos, que lles queres ás mulleres?

Agarra o colo do pichel e inclínao cara á cunca. O líquido –cervexa, pensa Hamnet– derrámase precipitadamente, parte na cunca e parte sobre os papeis da mesa, o que fai que seu avó renegue e logo intente secalos coa manga. Por primeira vez, a Hamnet ocórreselle que seu avó pode estar bébedo.

–Sabes a onde foron? –pregunta Hamnet.

–Eh? –di seu avó, aínda secando os seus papeis.

A súa carraxe por velos estragados parece un florete que se desenvaíña e arremete. Hamnet sente como a punta vaga pola estancia, buscando un opoñente, e pensa por un momento na vara de abeleira de súa nai e en como esta se inclina cara á auga, só que el non é unha corrente subterránea, e a carraxe do seu avó non se parece en nada á trémula vara de rabdomante. É cortante, afiada, imprevisible. Hamnet non imaxina o que vai pasar a continuación nin o que debería facer.

–Non quedes aí parveando –di o seu avó entre dentes–. Axúdame.

Hamnet dá un paso, logo outro. Está en garda. Na mente resóanlle estas palabras do seu pai: «Cando o teu avó teña unha das súas arroutadas de mal humor non te achegues a el. Asegúrate de non estar ao seu alcance. Mantente lonxe del, óesme?».

O seu pai díxolle isto na súa última visita, mentres axudaban a descargar un carro do curtidoiro. John, o seu avó,

deixara caer un fardo de coiros na lama e, nun arrebato de mal xenio, lanzara un coitelo de rebaixar o coiro contra o muro do patio. O seu pai tirara inmediatamente de Hamnet para atrás, poñéndoo tras del, fóra de perigo, pero John pasara por diante deles e entrara na casa sen dicir unha palabra. O seu pai colléralle a cara entre as mans, cos dedos curvados na caluga, e dirixíralle unha mirada firme e inquisitiva. «Ás túas irmás non lles vai poñer a man encima, pero é por ti por quen temo», murmurara co cello engurrado. «Sabes a que humor me refiro, verdade?» Hamnet asentira, pero quería que o momento se prolongase, que o seu pai seguise suxeitándolle a cabeza así, porque lle daba unha sensación de lixeireza, de seguridade, de sentirse totalmente comprendido e valorado. Ao mesmo tempo, era consciente dun desacougo que se lle revolvía por dentro, coma unha comida que o estómago non quere. Pensou no intercambio de palabras secas que furaban o aire entre o seu pai e o seu avó, en como o seu pai levaba decontino a man ao colo da camisa para afrouxalo cando estaba sentado á mesa cos seus proxenitores. «Xúramo», dixera o seu pai mentres estaban no patio, coa voz rouca. «Xúrao. Necesito saber que vas estar a salvo cando eu non estea aquí para coidarte.»

Hamnet cre que está a cumprir a súa palabra. Mantense ben lonxe. Está ao outro lado da lareira. O seu avó non podería alcanzalo, aínda que o intentase.

O avó está baleirando a cunca cunha man e sacudindo as pingas dunha folla de papel coa outra.

–Colle isto –ordena, tendéndolle a páxina.

Hamnet inclínase cara adiante, sen mover os pés, e cóllea coa punta mesma dos dedos. O seu avó ten os ollos entornados, vixiantes; a lingua asómalle por un lado da boca. Está sentado na súa cadeira, curvado: un vello e triste sapo enriba dunha pedra.